XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Acordo do 19 de maio de 2025 do Departamento Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Cerceda (expediente IN407A 2024/203-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada reforma CT A Tablilla 1, no concello de Cerceda (expediente IN407A 2024/203-1), por resolución deste departamento territorial, do 12 de febreiro de 2025, a favor da entidade beneficiaria Unión Distribuidores Eletricidad, S.A. (UDESA), con enderezo en rúa José Ángel Valente, 17-baixo, 15706 – Santiago de Compostela.

Este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día 4 de agosto de 2025 para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con esta resolución no taboleiro de edictos do concello de Cerceda, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 26.11.2024, no BOP do 29.10.2024 e no xornal *La Voz de Galicia* do 30.10.2024, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e posterior levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 19 de maio de 2025

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
https://economia.xunta.gal

CVE: XGRX-2focf702-rnez2lo-3f41ub7ae-5266117bd7a5
Cargo: Director Territorial
Data e hora: 19/05/2025 15:16:42
Emitida: 20/05/2025 09:39:03
CVE: TezSWBceBER8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve